



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

BANDO MUNICIPAL

CUMPRIMENTO DO HORARIO DE TERRAZAS

Faise saber:

O descando e a calidade de vida no ámbito doméstico está protexido coma un dereito fundamental dos ciudadáns que debe ser preservado, e as autoridades debemos velar por garantir o respecto de ditos dereitos.

O valedor do pobo dirixiu a este concello no mes de xuño de 2017, un escrito de atención pola continuada vulneración de dereitos fundamentais a ciudadáns e a recomendación de adoptar urxentemente medidas de corrección ante as denuncias por molestias e prexuízos ocasionados polo funcionamento ruidoso en horario nocturno dalgúns locais.

Mediante este BANDO o Concello de Fisterra, independentemente doutras actuacións legais que sexan oportunas no caso de resultar necesarias, avisa aos establecementos hoteleiros, hostaleiros ou comerciais existentes dentro do termo municipal, que no conferinte ao uso de espazos públicos de terrazas debe cumplirse a Ordenanza Municipal reguladora das mesmas.

Que dita ordenanza establece o réxime xurídico a que debe someterse o seu aproveitamento pola ocupación temporal e outros elementos que constitúan complemento da actividade dos locais de hostalería ou comerciais, así coma o cumprimento na limitación sonora procedente de dita actividade. Recórdaselle que en virtude do artigo 6, os horarios do seu funcionamento son:

- Meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro: **Ata a 1:00 horas**
- Resto do ano entre semana (de domingo a xoves): **Ata as 23:30 horas**
- Resto do ano en fin de semana (venres e sábado): **00:30 horas**

Podendo prorrogarse en época de festas.

Que o seu incumprimento está tipificado coma infracción segundo o artigo 27 da devandita Ordenanza, coa consideración de falta leve. A desobediencia continuada ao requerimento municipal de cumprimento de horarios figura tipificada coma infracción grave.

Segundo o réxime de sancións da ordenanza municipal as faltas leves sancionaranse cunha multa de ata 400,00 € e as graves cunha multa de ata 1.000,00 €

O que se fai publico para xeral coñecemento.

Fisterra, 1 de marzo de 2018

O Alcalde-Presidente

Asdo. José Marcote Suárez

